

EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO

AREA DE COOPERACION E ASISTENCIAS AOS CONCELLOS.

UNIDADE DE PLANS ESPECIAIS

A os efectos oportunos, e a obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3)., da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se fai constar que, pola Xunta de Goberno, con data 19 de febreiro de 2010, aprobáronse as Bases que se relacionan a continuación:

BASES QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESION DE SUBVENCÍONS DESTINADAS Á REALIZACION DE PEQUENAS OBRAS DE INFRAESTRUTURAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO DE MENOS DE 5.000 HABITANTES (ANUALIDADE 2010).

Base 1.- Obxecto e finalidade.

Son obxecto de subvención a realización de pequenas obras de infraestruturas e mantemento executadas durante o ano 2010, por concellos da provincia de Lugo, con unha poboación inferior aos 5.000 habitantes.

A título meramente enunciativo, compréndense dentro desta liña de subvención aquelas destinadas ao cofinanciamento de actuacións tales como a recollida de augas pluviais, beirarrúas, edificios, arranxo de praciñas ou espazos de uso común dos veciños, alumeados, ornamentación, xardinaría e, en fin aquelas obras análogas que contribúan a unha mellora da calidade de vida dos veciños dos concellos aos que vai dirixida esta liña de subvención.

Base 2.- Réxime de concorrencia.

As subvencións ás que se refiren as presentes bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva.

Base 3.- Contía da subvención.

A contía global destinada a esta actuación é a que figura no orzamento da Excma. Deputación Provincial, para a anualidade 2010, e ascende a cantidade total de **800.000,00 euros** (partidas orzamentarias: **9420.462 por 200.000,00 euros, e 9420.762 por 600.000,00 euros**). Liña 2: Axudas a concellos para a realización de pequenas obras de infraestruturas e outras actuacións de interese municipal que contribúan a mellora

das condicións da vida dos cidadáns (categoría infraestruturas, equipamento e servizos).

A contía de cada subvención concedida non poderá superar, en ningún caso, a cantidade de **dezanove mil cincocentos euros (19500,00 €.)**.

Así mesmo so se concederá unha subvención a cada acción o comportamento aos efectos de que haxa máis dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma acción.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta das subvencións concedidas.

Base 4.- Gastos subvencionables.

De conformidade co disposto no artigo 23 de Ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarse gasto subvencionable aquel referido a actividade subvencionada aínda que non fora efectivamente pagado con anterioridade a data de xustificación.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

Base 5.- Beneficiarios de subvencións.

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades locais, con poboación inferior aos 5.000 habitantes, que no momento da convocatoria o soliciten con arranxo ao establecido nas mesmas, tendo a consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a acción que, dentro das finalidades das bases, se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Non poderán acollerse a esta liña de subvencións aqueles concellos que estean afectados polo canon eléctrico.

Así mesmo non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións, os que incorran en:

- a). Non acharse ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- b). Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
- c). As entidades locais que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa desta Deputación Provincial para a mesma acción.
- d). As entidades locais que soliciten subvención para unha acción que obtivo unha subvención da Deputación Provincial.

Base 6.- Carácter da subvención.

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 7.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios.

A entidade local beneficiaria da subvención terá os dereitos e obrigas seguintes, de conformidade co sinalado no art. 5, da Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A entidade beneficiaria da subvención terá dereito a pedir e obter, en todo momento, o apoio e a colaboración da Deputación Provincial na realización da actividade o proxecto.

Os beneficiarios da subvención están obrigados a:

1-Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, a esta Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

2-Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.

3-Acreditar perante esta Excm. Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cós requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.

4-Someterse as actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.

5-Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.

6-Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

7-Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.

8-Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

9-Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

10- Aportar un trinta por cento (30%) do custe total da actuación proxectada.

11-Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da Excma. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que, ao uso, as entidades utilicen para publicitar a acción ou comportamento subvencionado. A imaxe será cedida pola Deputación Provincial.

Base 8.- Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polas entidades locais.

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial, e que incluírá o prazo que se conceda para a presentación de solicitudes, e será publicada no Boletín Oficial da provincia e medios de comunicación social.

As entidades locais deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinale na convocatoria, podéndose formalizar en impreso normalizado establecido ao efecto.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, quedando outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidos a Presidencia da Excma. Deputación Provincial. Así mesmo poderán selo en os Organismos regulamentariamente establecidos ao efecto.

A solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

-Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar pa a súa execución, así como o seu sistema de financiamento.

-Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria.

-Certificación do Secretario municipal do acordo adoptado polo órgano competente da entidade local solicitante pola que se aproba a realización da obra, a solicitude de subvención, e da achega do 30 por 100 correspondente ao Concello.

-Declaración baixo xuramento de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social.

-Declaración xurada do representante do Concello de axudas solicitudes e concedidas por outras administracións para a mesma acción ou comportamento.

-Certificación do Secretario municipal da identidade do Alcalde-Presidente da Corporación municipal.

-Certificación da conta bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se procederá, no seu caso, ao ingreso da correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación presentada.

-Copia do CIF. da entidade local.

Base 9.- Comisión de valoración.

Para a valoración dos proxectos constituirase unha comisión de valoración, cuxa composición será a seguinte:

PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente dá Deputación Provincial ou Deputado en quen delegue ou substitúa legalmente.

VOCAIS:

a). Un representante do grupo provincial do PSOE.

b). Un representante do grupo provincial do BNG.

c). Un representante do grupo provincial do PP.

d). O Deputado Delegado de cooperación e asistencias aos municipios.

e). O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou o substitúa.

f). A Interventora Xeral da Corporación ou funcionario/a en que delegue ou a substitúa.

SECRETARIO:

O Secretario Xeral Adxunto ou funcionario/a en que delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e fará constar, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

Base 10.- Criterios de adxudicación.

Os criterios obxectivos aos que haberá de axustarse a concesión das subvencións serán os seguintes:

Grao de financiamento propio	Ata 20 puntos.
Interese da actuación	Ata 20 puntos.
Urxencia da actuación	Ata 20 puntos.
Relevancia da actuación para o conxunto do concello	Ata 20 puntos.
Número de habitantes beneficiados pola actuación	Ata 20 puntos.

A Xunta de goberno poderá excepcionalmente e motivadamente aplicar outros criterios obxectivos que no estean relacionados nos anteriores.

Base 11.- Resolución.

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de dous (2) meses, contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

No se concederá subvención algunha hasta en tanto no foran xustificadas adecuadamente subvenciones anteriores.

Base 12.- Prazos de execución.

A obra terá que estar finalizada antes do 15 de setembro de 2010. En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha prórroga polo prazo

máximo dun mes, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

Base 13.- Xustificación das subvencións.

Unha vez finalizada a obra, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da obra. O incumprimento de prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada.

A rendición da xustificación constitulle un acto obrigatorio do beneficiario.

O importe total que deberá executarse será como mínimo igual ao presuposto que consta no correspondente expediente da petición. No suposto de que, a citada xustificación no cumprira co sinalado anteriormente, procederase ao reaxuste do importe da subvención, minorando a mesma.

Para a xustificación do proxecto ou actividade subvencionada, presentarse a seguinte documentación:

- memoria da obra, xustificativa do cumprimento das condicións impostas e resultados obtidos.

- memoria económica do custo da obra subvencionada, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos e investimentos da obra subvencionada, polo importe do proxecto ou memoria valorada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

2. Certificación do Secretario do Concello beneficiario acreditativa de que a relación de gastos e investimentos da obra subvencionada atópanse executados e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente.

3. Certificación do Secretario do Concello beneficiario de que a obra obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos.

4. Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou obra subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou obra subvencionada.

- Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, de acordo co disposto no artigo 24 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ao ser o Concello beneficiario da

subvención unha administración pública e ao non existir previsión expresa en contrario nas bases reguladoras da subvención.

- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da correspondente subvención. O Aboamento da subvención unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo beneficiario. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o beneficiario sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

- Declaración responsable da inclusión da imaxe corporativa da Deputación Provincial e haber utilizado o idioma galego en todos aqueles soportes que as entidades beneficiarias utilizaran para publicitar a acción ou comportamento subvencionado.

- Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

- Xustificación de ter posto cartel de obra, de conformidade co modelo que le será facilitado pola Deputación, mediante mostra fotográfica.

Base 15.- Prazo de xustificación da subvención.

O prazo para xustificación das subvencións será de tres meses dende a finalización da obra, e en todo non posterior ao 15 de decembro de 2010. Transcorrido o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, o órgano de xestión requirirá ao Concello beneficiario para que no prazo imperdible de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención”.

Base 16.- Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu, e deus informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe do proxecto ou memoria valorada, que serviu de base para a concesión da subvención, reducirase a mesma proporcionalmente en función do alcance da propia conta xustificativa, de conformidade así mesmo co sinalado na Base 13.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 17.- Réxime xurídico.

En todo o non contemplado nestas bases estarase ao disposto en:

- a). A Lei estatal 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b). Real Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c). Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- d). Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- e). O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial.
- f). Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación Provincial vixente no momento da concesión.

LUGO, a 22 de febreiro de 2010.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.